

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE MARZO DE DOUS MIL TRECE:** - - - - -

**PRESIDENTA:**

**D<sup>a</sup> Catalina González Bea**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez**

**D. Salvador Durán Bermúdez**

**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel González Domínguez**

**D. Marcos Guisasola Padín**

**D<sup>a</sup> María Deza Martínez**

**D. Constantino Sanmartín Quiñones**

**D<sup>a</sup> Almudena Aguín Fernández**

**D. Gonzalo Gonzalo Pita**

**D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> Victoria González Serén**

**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dulcinea Aguín Pombo**

**D. José Buezas Méndez**

**D. David Otero Domínguez**

**D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso**

**D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**

**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cruz Barbeito Barreiro**

**D<sup>a</sup> Vanesa Rodríguez Maneiro**

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil trece, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D<sup>a</sup>. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

**NON ASISTE:**

**D. José-Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)**

**SECRETARIO :**

**D. Ángel Luís López Pita.**

**A) PARTE DISPOSITIVA:**

**1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2013.** Pola **Sra. Presidenta** preguntáselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ao acta que se somete a aprobación.

Ao non formularse ningunha observación a **Sra. Presidenta** someteu a votación o borrador do acta, votando a favor da aprobación os membros do Grupo Popular e do Grupo Mixto. Nese momento entrevistou o **Sr. Otero Domínguez** solicitando a palabra por cuestión de orde e indicando que se negaban a votar este punto, engadindo que lle parecía gravísimo que para a celebración desta sesión quedaran persoas fóra do salón de plenos, negándolles pola presidencia a entrada e aos que poideron acceder solicitándolles o DNI, provocando o que consideraba un

“estado de sitio” cando os colectivos de afectados polas preferentes e subordinadas o que pretendían era acceder a sesión.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que os membros dos colectivos en defensa dos afectados polas preferentes e subordinadas de NCG levaban practicamente tres meses pechados no concello e se lles había dado as maximas facilidades para levar a cabo tal peche, pero tamén é necesario proceder a celebración dos plenos municipais. Neste momento a Sra. Presidenta ante as continuas intervencións do público asistente procedeu a chamar á atención en tres ocasións consecutivas e dado que se proseguía nas intervencións do público asistente que impedían o normal desenvolvemento da sesión, a Sra. Presidenta sendo as vinte horas e cuarenta e dos minutos procedeu a dar por rematada a sesión de todo o que, eu como Secretario dou fe: